



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS
ACCIÓNS DE I+D+i**

Santiago de Compostela, [data dixital] 7 de agosto de 2018

COMPARECEN

(...), conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante Consellería), nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 217 do 14 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

(...), reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (en adiante SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configuran como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciabile para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza



universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación. Tal xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

Compre polo tanto afrontar un conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Con cargo ós orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciase accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.



QUINTO.- Que H2020 é a estratexia de especialización da Unión Europea para facer fronte á crise e acadar unha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Nesta estratexia destácase o papel fundamental da investigación e da innovación na preparación da Unión Europea ante os desafíos futuros e sinala cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

A estratexia Europa 2020 considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor da excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade, centrando o investimento nos principais problemas comúns de todos os europeos, como o cambio climático e a competitividade da enerxía renovable ou os desafíos dunha poboación cada vez máis envellecida.

Non se debe esquecer que no marco estratéxico común 2014-2020 a Comisión Europea considera a innovación como un dos obxectivos temáticos aos que se destinarán os fondos comunitarios nese período. O investimento público orientarase ao que se denomina “concentración temática”, cunha política aplicada a prioridades moi concretas que favorezan o crecemento, a adecuación dos fondos ás propostas das rexións onde se apliquen, seguindo unha estratexia de gasto baseada nas súas propias necesidades e retos do seu desenvolvemento.

SEXTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co seu Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SÉTIMO.- Que, a partir da situación actual, a consellería e a USC consideran necesario impulsar a ordenación, estruturación e potenciación da INVESTIGACIÓN.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de novas accións estratéxicas de I+D+i co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da propia Universidade de Santiago de Compostela.

O orzamento será de 2.816.312,00 €, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:



ACTUACIÓNS	
1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS VIDA	
1.1 Actualización do Plan Estratéxico	50.000,00
Reformulación e posta en marcha de mecanismos de gobernanza.	15.000,00
Elaboración do Plan Estratéxico 2018-2022 (Asistencia Técnica)	35.000,00
1.2 Mellora e ampliación capacidades servizo de microscopía electrónica	1.464.800,00
Técnico superior especialista	16.000,00
Tanque de alta tensión e accesorios para Zeis Libra	70.000,00
Cámara de adquisición de imaxe e video alta resolución	278.800,00
Microscopio TEM, 220kV HR, cátodo frío	1.100.000,00
1.3 Área de simulación médica avanzada	250.000,00
Equipamento para simulación de técnicas de soporte vital avanzado en adulto	90.000,00
Equipamento para Simulación de técnicas de soporte vital avanzado en nenos	90.000,00
Simulación cirúrxica: equipos e software de modelización e simulación	55.000,00
Obras de adaptación	15.000,00
SUBTOTAL 1	1.764.800,00
2. ACTUACIÓNS NO INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS (IGFAE)	
2.1 Persoal técnico	32.000,00
2.2 Accións de difusión: <i>Coloquia e Open Days</i>	8.000,00
SUBTOTAL 2	40.000,00
3. ACTUACIÓNS NO CAMPUS TERRA	
3.1 Campus Terra: mantemento da gobernanza	150.000,00
Mantemento das unidades de goberno e da rede de valor	8.000,00
Mantemento da Unidade Técnica	142.000,00
Xestor/a internacionalización	35.000,00
Xestor/a de especialización docente	35.000,00
Xestor/a divulgación	35.000,00
Xestor/a innovación e transferencia	35.000,00
3.2 Desenvolvemento de Plans Operativos	170.000,00
Plan de Especialización Docente	15.000,00
Plan para Orientación de I+D	20.000,00
Plan de comunicación e reputación corporativa	20.000,00
Campus de verán <i>Xuvenciencia</i>	15.000,00
Plan homologación e certificación: acreditación europea Facultade Veterinaria	100.000,00
3.3. Desenvolvemento de accións estratéxicas	273.000,00



Melloras na rede de infraestruturas da RIAIDT en Lugo	14.000,00
Mellora de laboratorios de investigación alimentaria - F. Ciencias	174.000,00
Mellora de fincas e granxas experimentais - Nave finca de prácticas EPSE	45.000,00
Mellora de equipamento nos centros- Formación do Profesorado	10.000,00
Mobiliario do centro de emprendemento en ADE	30.000,00
3.4 Obras de reforma do Hospital Veterinario Universitario <i>Rof Codina</i>	151.512,00
SUBTOTAL 3	744.512,00
4. CAMPUS DA CIDADANÍA: PLAN ACCIÓN 2018	
4.1 Internacionalización: mobilidade.	45.000,00
4.2 Actividades formativas para investigadores (talleres,seminarios...)	15.000,00
4.3 Mellora da información e difusión de capacidades	20.000,00
4.4 Mapa de infraestruturas e servizos de I+D	20.000,00
SUBTOTAL 4	100.000,00
5. ACTUACIÓNS EN ACCIÓNS SINGULARES	
5.1 Plan de reformulación dos Institutos de Investigación	50.000 ,00
Procesos de avaliación: Asesores Externos. Mobilidade	50.000,00
5.2 Desenvolvemento e/ou participación en iniciativas de extensión universitaria e internacionalización: Congresos e RED UGI	32.000,00
Organización Congresos Internacionais	20.000,00
Reunión Red UGI	12.000,00
5.3 Visibilización e proxección de: Centros de investigación da USC, centro acreditado como María de Maeztu (IGFAE) e bolsas de verán	60.000,00
Programas de bolsas de verán	30.000,00
Accións de difusión. Xornadas de portas abertas	30.000,00
5.4 Implantación Selo de Excelencia na Xestión de RRHH de Investigación	25.000,00
SUBTOTAL 5	167.000,00
TOTAL FINAL	2.816.312,00

SEGUNDA.- Actuacións

As accións recollidas neste convenio están enmarcadas nos campus de especialización (Campus Vida, Campus Terra e Campus da Cidadanía), así como noutras accións singulares.

No caso dos campus, cabe salientar o distinto grao desenvolvemento dos mesmos. Campus Vida é xa un proxecto consolidado; Campus Terra continúa desenvolvendo o seu plan de acción e Campus da Cidadanía presenta por primeira vez un plan de acción



anual neste ano 2018, logo das iniciativas levadas a cabo para a súa conformación. Polo tanto, os obxectivos que se perseguen con cada unha das accións nos distintos proxectos son diferentes, tal e como se detallan a continuación.

1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS VIDA

Trátase de reactivar as accións do primeiro campus de excelencia internacional, coa actualización do seu Plan Estratéxico e a mellora de infraestruturas singulares.

1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS VIDA	
1.1 Actualización do Plan Estratéxico	50.000,00
Reformulación e posta en marcha de mecanismos de gobernanza.	15.000,00
Elaboración do Plan Estratéxico 2018-2022 (Asistencia Técnica)	35.000,00
1.2 Mellora e ampliación capacidades servizo de microscopía electrónica	1.464.800,00
Técnico superior especialista	16.000,00
Tanque de alta tensión e accesorios para Zeis Libra	70.000,00
Cámara de adquisición de imaxe e video alta resolución	278.800,00
Microscopio TEM, 220kV HR, cátodo frío	1.100.000,00
1.3 Área de simulación médica avanzada	250.000,00
Equipamento para simulación de técnicas de soporte vital avanzado en adulto	90.000,00
Equipamento para Simulación de técnicas de soporte vital avanzado en nenos	90.000,00
Simulación cirúrxica: equipos e software de modelización e simulación	55.000,00
Obras de adaptación	15.000,00
SUBTOTAL 1	1.764.800,00

1.1 Actualización do Plan Estratéxico

Campus Vida é un proxecto solidamente establecido que integra as capacidades da USC e doutros axentes no ámbito das ciencias e tecnoloxías da vida, presentando indicadores de I+D altamente competitivos que requiren o mantemento e ampliación dos seus obxectivos.

Co novo Plan Estratéxico para o período 2018-2022 trátase de impulsar o papel do Campus Vida como *clúster* de coñecemento e innovación no sector biomédico e tecnolóxico de Galicia.



1.2 Microscopía electrónica

Esta acción diríxese á ampliación das capacidades do servizo de microscopía electrónica da USC con equipamento avanzado para o estudo de nanomateriais de carbono e *soft matter* (sistemas biolóxicos, membranas, surfactantes, polímeros, etc.):

- Adquisición dun novo microscopio: TEM, 200kV HR, de cátodo frío.
- Cámara de adquisición de imaxe e vídeo: para a obtención de imaxe e vídeo de ultra-alta resolución con alta velocidade de captura.
- Tanque de alta tensión para microscopio Zeis Libra 200 FE.
- Técnico superior (doutor) especialista: contratación dun doutor especialista en TEM de ultra-alta resolución.

1.3 Área de simulación médica avanzada

Esta acción está orientada á adquisición de material para a Área de Simulación Médica Avanzada.

A simulación no coidado da saúde utilízase para reproducir situacións reais con pacientes dunha forma guiada, controlada e segura. A USC e a Área Sanitaria de Santiago de Compostela terán unha única Área de Simulación Médica Avanzada, o que obrigará a atender a moito alumnado con niveis de formación diversa.

A formación médica baseada na simulación é un campo en pleno desenvolvemento, debendo estar as unidades de simulación plenamente incorporadas a curto/medio prazo, tanto en institucións asistenciais (hospitais) como en institucións educativas (facultades de medicina, odontoloxía, enfermería...).

A priorización no equipamento desta área é:

- Equipamento para simulación de técnicas de soporte vital avanzado en adulto: inclúe diversas situacións críticas que comprometen a supervivencia con posibilidade de monitorización.
- Equipamento para simulación de técnicas de soporte vital avanzado en nenos: inclúe diversas situacións críticas que comprometen a supervivencia con posibilidades de monitorización
- Simulación cirúrxica: adquisición de equipos de *software* de modelización e simulación.
- Obras de adaptación.



2. ACTUACIÓNS NO INSTITUTO GALEGO DE ALTAS ENERXÍAS (IGFAE)

O IGFAE é un instituto mixto de investigación con actividade científica que abarca as distintas áreas da física. Inclúe a investigación básica teórica e experimental dirixida a mellorar a comprensión da estrutura da materia e do Universo, así como as súas aplicacións tecnolóxicas nos diversos campos da instrumentación científica avanzada, a tecnoloxía GRID, a microelectrónica, a enerxía solar, etc.

Este centro foi recentemente recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO). As melloras que se levarán a cabo están relacionadas coa materialización da programación aprobada polo selo María de Maeztu, sendo necesarias para acelerar a produción científica do instituto, a súa excelencia como centro formativo, así como a súa capacidade de transferencia tecnolóxica ao tecido industrial galego.

2. ACTUACIÓNS NO INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS (IGFAE)	
2.1 Xestor técnico	32.000,00 €
2.2 Accións de difusión: <i>Coloquia e Open Days</i>	8.000,00 €
TOTAL	40.000,00 €

2.1 Xestor técnico

Trátase con esta acción de dar resposta á necesidade dun xestor-investigador con perfil técnico que cubra as necesidades mínimas do instituto e que dea soporte as distintas áreas estratéxicas do centro.

2.2 Accións de difusión: *Coloquia e Open Days*

Esta acción ten como obxectivo aumentar a visibilidade e proxección do IGFAE, dando a coñecer á sociedade a actividade científica e tecnolóxica que se leva a cabo no centro.

Para iso organizaranse unha serie de xornadas divulgativas *Coloquia*, así como o desenvolvemento dun programa de portas abertas *Open Days* dirixido a todos aqueles sectores que poidan estar interesados.



3. ACTUACIÓNS NO CAMPUS TERRA

Tratase de accións encamiñadas a continuar co desenvolvemento do plan estratéxico de Campus Terra iniciado en anos anteriores, mantendo os seus obxectivos principais: mantemento das estruturas de gobernanza, continuar o desenvolvemento dos plans operativos e materializar as accións estratéxicas.

3. ACTUACIÓNS NO CAMPUS TERRA	
3.1 Campus Terra: mantemento da gobernanza	150.000,00
Mantemento das unidades de goberno e da rede de valor	8.000,00
Mantemento da Unidade Técnica	142.000,00
Xestor/a internacionalización	35.000,00
Xestor/a de especialización docente	35.000,00
Xestor/a divulgación	35.000,00
Xestor/a innovación e transferencia	35.000,00
3.2 Desenvolvemento de Plans Operativos	170.000,00
Plan de Especialización Docente	15.000,00
Plan para Orientación de I+D	20.000,00
Plan de comunicación e reputación corporativa	20.000,00
Campus de verán <i>Xuvenciencia</i>	15.000,00
Plan homologación e certificación: acreditación europea Facultade Veterinaria	100.000,00
3.3. Desenvolvemento de accións estratéxicas	273.000,00
Melloras na rede de infraestruturas da RIAIDT en Lugo	14.000,00
Mellora de laboratorios de investigación alimentaria - F. Ciencias	174.000,00
Mellora de fincas e granxas experimentais - Nave finca de prácticas EPSE	45.000,00
Mellora de equipamento nos centros- Formación do Profesorado	10.000,00
Mobiliario do centro de emprendemento en ADE	30.000,00
3.4 Obras de reforma do Hospital Veterinario Universitario <i>Rof Codina</i>	151.512,00
SUBTOTAL 3	744.512,00

3.1 Mantemento da gobernanza do Campus

3.1.1 Mantemento das unidades de goberno e da Rede de Valor: para seguir a desenvolver o plano estratéxico é necesario manter o funcionamento das distintas unidades de goberno do Campus Terra e consolidar a Rede de Valor como estrutura de asesoramento e consulta das unidades de goberno en temáticas sectoriais.



3.1.2 Mantemento da Unidade Técnica: a necesidade de apoio técnico e administrativo específico supón continuar co equipo de persoas que forman a unidade técnica: xestor/a de especialización da oferta docente; xestor/a de innovación e transferencia; xestor/a de divulgación-comunicación; e, xestor de internacionalización. A Unidade técnica da soporte operativo ás estratexias do Campus.

3.2 Desenvolvemento dos plans operativos

Plans operativos	
3.2.1 Plan de especialización docente	15.000,00
3.2.2 Plan para orientación de I+D	20.000,00
3.2.3 Plan de comunicación e reputación corporativa	20.000,00
3.2.4 Campus de verán <i>Xuvenciencia</i>	15.000,00
3.2.5 Plan de homologación e certificación: acreditación europea Facultade Veterinaria	100.000,00
Total	170.000,00

3.2.1 Plan de especialización docente

Trátase de implementar as seguintes actuacións:

- Programa de incremento e mellora de prácticas externas para incrementar o número de alumnos que realizan prácticas en empresas durante os seus estudos universitarios e mellorar a calidade destas prácticas, coa definición dos protocolos necesarios.
- Establecemento de colaboracións docente con outras universidades nacionais e internacionais que teñan un elevado grao de especialización en temáticas afíns ao campus terra.

3.2.2 Plan para orientación de I+D

Coas actuacións previstas trátase de financiar proxectos colaborativos que teñen como finalidade impulsar novas liñas de investigación conxuntas entre grupos de investigación do campus de Lugo. Estas liñas atópanse na axenda científica da Agrupación Estratéxica: *smart farming* e agricultura de precisión, benestar e produción animal, produción sostible e cambio climático, etc.



3.2.3 Plan de comunicación e reputación corporativa

Realización das seguintes accións no ámbito comunicativo:

- Xornada de benvida ao Campus Terra, na que a través de diversos espazos expositores, os servizos do Campus dan a coñecer a súa actividade entre o alumnado.
- Programa de apadriñamento para empresas da contorna das disciplinas do Campus Terra para que as empresas se impliquen no desenvolvemento de técnicas, investigacións ou ensaios.
- Institucionalización do día de captación de investimentos para proxectos do Campus Terra, co obxectivo de por en contacto a futuros emprendedores coas empresas e institucións do mundo rural.
- Nova edición DivulgaTerra: evento de divulgación científica no que se dan a coñecer as liñas de investigación dos novos investigadores do campus.

3.2.4 Campus de Verán Xuvenciencia

Campus de verán *Xuvenciencia* para acercar aos estudantes de secundaria ás actividades científicas e docentes desenvolvidas no Campus Terra, fomentando así o interese polas actividades científicas.

3.2.5 Plan de homologación e certificación: acreditación EAEVE (European Association of Establishments for Veterinary Education) da Facultade de Veterinaria

A acreditación europea pola EAEVE que posúe a Facultade de Veterinaria do Campus Terra debe ser renovada no ano 2018, o que supón afrontar os gastos relacionados coa visita de avaliación que terá lugar no mes de setembro e mellorar algúns dos equipamentos da Facultade.

3.3 Desenvolvemento de accións estratéxicas

- Melloras na Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) da USC no Campus Terra.
- Mellora de laboratorios de investigación alimentaria: acondicionamento dos espazos do servizo de laboratorios para instalar a planta piloto de produtos cárnicos, necesaria para a titulación de Máster en Enxeñería de Procesado de Alimentos que se implantará no curso 2019-2020.



- Mellora da finca para a investigación no ámbito da produción agraria: remodelación interna da nave da finca de prácticas e investigación da Escola Politécnica Superior (EPSE).
- Centro de emprendemento da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (ADE): realizouse no ano 2017 unha obra de reforma que permitiu habilitar un espazo para acoller o centro de emprendemento e a incubadora de empresas e de base tecnolóxica do Campus Terra. No ano 2018 é necesario a dotación de mobiliario para poñelo en funcionamento.
- Na Facultade de Formación do Profesorado: mellora no equipo de sonorización do salón de actos e adquisición de material.

3.4. Obras de reforma do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina

Reforma e mellora no acondicionamento xenérico das instalacións do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

4. ACTUACIÓNS NO CAMPUS DA CIDADANÍA

O Campus da Cidadanía da USC está enfocado ao desenvolvemento da cultura docente e investigadora no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas e nas Artes e Humanidades. Logo da súa recente creación, ponse en marcha no ano 2018 o seu primeiro plan de actuación.

4. CAMPUS DA CIDADANÍA: PLAN ACCIÓN 2018	
4.1 Internacionalización: mobilidade.	45.000,00
4.2 Actividades formativas para investigadores (talleres,seminarios...)	15.000,00
4.3 Mellora da información e difusión de capacidades	20.000,00
4.4 Mapa de infraestruturas e servizos de I+D	20.000,00
SUBTOTAL 4	100.000,00

4.1 Internacionalización: mobilidade

Actuacións encamiñadas a mellorar a mobilidade dos doutorandos, investigadores e profesores non permanentes fóra do sistema universitario galego e atraer investigadores visitantes estranxeiros para promover o *mentoring* dos nosos doutorandos.



4.2 Actividades formativas para investigadores

Cursos e talleres por grandes áreas encamiñados a mellorar a elaboración de propostas en programas competitivos nacionais e internacionais e elaboración de artigos científicos dirixidos a investigadores R2(investigadores recoñecidos) e R3 (investigadores establecidos).

Complementariamente e a través da Escola de Doutoramento Internacional, que engloba aos programas vinculados co Campus da Cidadanía, deseñárase un programa de formación transversal, titorización e *mentoring* dirixido ao persoal investigador en formación (pre e posdoutoral), no marco do selo de calidade concedido pola Comisión Europea ás universidades HRS4R (Human Resources Strategy for Researchers).

4.3 Mellora da información e difusión de capacidades

Elaboración dun plan de difusión da actividade investigadora realizada no Campus da Cidadanía, promovendo a elaboración de estratexias e materiais específicos para promover proxectos e capacidades específicas asociadas a este Campus.

4.4 Mapa de infraestruturas e servizos de I+D

Realización dunha análise de necesidades en infraestruturas, servizos ou utilidades de interese xeral/colectivo para o apoio e soporte conxunto da actividade de I+D no Campus, a través da contratación dunha asistencia técnica especializada para a elaboración dun mapa de servizos e capacidades e un plan priorizado prestando especial atención aos focos e ámbitos de especialización que defina o Campus da Cidadanía.

5. ACTUACIÓNS EN ACCIÓNS SINGULARES

5. ACTUACIÓNS EN ACCIÓNS SINGULARES	
5.1 Plan de reformulación dos Institutos de Investigación	50.000 ,00
Procesos de avaliación: Asesores Externos. Mobilidade	50.000,00
5.2 Desenvolvemento e/ou participación en iniciativas de extensión universitaria e internacionalización: Congresos e RED UGI	32.000,00
Organización Congresos Internacionais	20.000,00
Reunión Red UGI	12.000,00
5.3 Visibilización e proxección de: Centros de investigación da USC, centro acreditado como María de Maeztu (IGFAE) e bolsas de verán	60.000,00
Programas de bolsas de verán	30.000,00
Accións de difusión. Xornadas de portas abertas	30.000,00
5.4 Implantación Selo de Excelencia na Xestión de RRHH de Investigación	25.000,00
SUBTOTAL 5	167.000,00



5.1 Plan de reformulación dos Institutos de Investigación

Esta acción ten como finalidade o apoio ao proceso de adaptación ao novo Regulamento de creación e xestión de Institutos Universitarios de Investigación, e máis concretamente aos procedementos de avaliación e as reunións de Comisións Avaliadoras Externas.

5.2 Desenvolvemento e/ou participación en iniciativas extensión universitaria e internacionalización: Congresos e reunión da *Red de Unidades de Gestión de la Investigación (RED UGI)*

Apoio e cofinanciación de iniciativas colaborativas, reunións científicas ou congresos con carácter internacional promovidos e/ou organizados por investigadores da USC; e XIII Reunión da Rede de Xestores de Investigación (*Red UGI*).

5.3 Visibilización e proxección de: Centros Investigación, centro acreditado María de Maeztu e bolsas de verán

Esta acción ten como obxectivo aumentar a visibilidade e proxección social dos Centros Singulares de Investigación da USC e a dos centros con acreditación María de Maeztu (na actualidade, o IGFAE), así como fomentar a súa capacidade de atracción de talento.

Neste contexto, a dotación económica destinarase ao cofinanciamento de dous programas que se desenvolverán en CiQUS, CiMUS e CiTIUS:

- Programa de visibilización e proxección social: desenvolvemento de proxectos de comunicación e divulgación dirixidos especificamente a dar a coñecer a actividade científica de excelencia que se realiza en CiQUS, CiMUS e CiTIUS e visibilizar a súa contribución á sociedade. Os proxectos incluírán a elaboración e difusión de materiais audiovisuais, a organización de actividades dirixidas a estudantes de primaria, secundaria e bacharelato, así como a realización de xornadas de portas abertas dirixidas ao público en xeral.
- Programa de bolsas de verán nos Centros Singulares de Investigación da USC: é un programa solidamente establecido que, con difusión nacional e internacional, ofrece unha primeira experiencia investigadora aos mellores estudantes das titulacións relacionadas coa actividade científica nos centros.



5.4 Implantación do Selo de Excelencia na Xestión de Recursos Humanos de Investigación

A implantación do *USC HR Action Plan* implantouse en 2017, logo de obter o recoñecemento do Selo Europeo HRS4R en 2016. Para o ano 2018, levaranse a cabo as seguintes iniciativas:

- Apoio técnico á secretaría técnica HRS4R.
- Execución dos obxectivos en 2018 do *Programa de Mentoring e Desenvolvemento de Carreira*: elaboración do Mapa de Carreira Científica na USC: Instrumentos e Servizos de Apoio.
- Desenvolvemento da *website* do Emprego Científico.
- Definición da *Carta de Servizos* correspondentes aos servizos administrativos e técnicos propios implicados na xestión de RRHH de Investigación na USC.

**TERCEIRA.- Financiamento**

A dotación para este convenio é de dous millóns oitocentos dezaseis mil tres centos doce euros (2.816.312,00 €), con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia , no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0 código de proxecto (2016 00129), conforme se indica na seguinte táboa:

RESUMO FINAL	
ACTUACIÓNS	
1. ACTUACIÓNS NO CAMPUS VIDA	1.764.800,00 €
2. ACTUACIÓNS NO INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS (IGFAE)	40.000,00 €
3. ACTUACIÓNS NO CAMPUS TERRA	744.512,00 €
4. ACTUACIÓNS NO CAMPUS DA CIDADANÍA	100.000,00 €
5. ACTUACIÓNS EN ACCIÓNS SINGULARES	167.000,00 €
TOTAL	2.816.312,00 €

Esta cantidade de 2.816.312,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen coa actividade obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, xestores..., así como a financiamento de becas.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario.
- Material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, xornadas e reunións científicas.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.



- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas e contratación das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas tamén se poderán incluír aquelas inversións en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade chegará antes do 15 de decembro de 2018:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá manifestar detalladamente as actuacións realizadas, os conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados. Coa memoria chegarase xustificación dos gastos (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, ...) e dos pagamentos, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados.



- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018, e terá vixencia ata o 30 de decembro do 2018.



Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste



convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.



DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 de dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

(...)

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

(...)

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela